

A Cruña  
5  
abril  
1971

Luis Seoane López  
Buenos Aires

Benquerido e admirado amigo:

Acúsoche recibo ao retalho de prensa e á carta impresa que dirixiches aos lectores de A NOSA TERRA. E, a verdade, non séi si agradecercho. Porque o envío responde a motivacións tan disparatadas que non entendo como poidiches perder o tempo artellando unha defensa obvia. A túa vida e a túa obra deféndense sobranceiramente de seu. Unha conducta ilustre, permanentemente sostida oa longo dos anos, exemplar polo seu entusiasmo, polo seu desinterés e pola súa entrega a uns homes e a unha terra, está xa fora de calquer incomprensión.

Eu algo soupen do asunto. Mais, confésecho, non presto moita atención ás cousas do Plata. Unhas, nonas comprendo; e, outras, atópoas delirantes. E ista é unha délas.

En agarda de vos ver axiña por eiquí, recibide Maruja e máis tí cinguidas apertas de Fernanda e miñas.

Doña